

CELSO COLLAZO: “UN CORRESPONSAL INTERNACIONAL TEN QUE ESTAR NO MIOLO DO QUE ACONTECE”

O xornalista galego Celso Collazo Lema, hoxe inxustamente esquecido, pertence por méritos propios á estirpe dos grandes corresponsais internacionais de prensa que tivo España no século XX. Cabería dicir que Celso forma parte da “xeración intermedia”, que se estendería desde a posguerra mundial ata a consolidación da democracia española. Uns anos nos que xornalistas como e foron os verdadeiros ollos cara ao exterior de toda unha nación. Por iso ten aínda tanto sentido achegarse á súa soidade escollida, case eremítica, en Guadalix de La Sierra (Madrid), desde onde, a un mes de facer noventa e un anos, segue puntualmente todos os acontecementos do mundo coas tecnoloxías máis avanzadas.

A súa vida, segundo confesa, divídese en períodos determinados polo lugar no que exerceu a súa profesión. Así están as súas etapas galega, madrileña, londinense, soviética, estadounidense, de novo madrileña e finalmente a do retiro na Serra de Guadarrama. Toda unha vida ateigada de experiencias que, ao cabo, constitúen unha riqueza vital e profesional dificilmente comparable e que o fan merecedor do coñecemento -e do recoñecemento- xeral.

Celso Collazo naceu en Vimianzo (A Coruña) o 15 de novembro de 1921, fillo dun significado galeguista -amigo e colaborador de Castelao-, que lograra saír ben librado do desastre de Annual, pero que non tivo a mesma sorte durante a Guerra Civil. Foi *paseado* en Ponteareas (Pontevedra) en setembro de 1936. Pouco despois, un tío paterno, Eugenio, tamén foi asasinado, e un tío materno pasou once anos escondido nun trasteiro. O propio Celso, mociño de 15 anos, tivo que ocultarse co fin de que non puidesen usalo como refén para que se

entregase seu padre. A pesar de todo, e no medio de tantas adversidades, logrou rematar o seu bacharelato e empezar a traballar nunha academia e nun sindicato.

-Foi a miña aprendizaxe da vida –di-. Corría o ano 1938 e aquí seguía a Guerra Civil, mentres que en Múnic se reunían Hitler, Mussolini, Daladier e Chamberlain para proclamar que “gañáramos a paz para todo o século”. Pouco despois viuse a paz que gañaran”.

Abrasado pola súa paixón literaria, o mozo Collazo moi pronto se desembarazou do enredo sindical e empezou a frecuentar as tertulias de Pontevedra e de Vigo, sempre meturado con intelectuais galeguistas e tamén sempre escaso de cartos. A súa amizade con Francisco e Joaquín Fernández del Riego, os irmáns Álvarez Blázquez, Xaime Illa Couto, Valentín Paz-Andrade, Plácido Castro e os pintores Maside, Laxeiro, Colmeiro e Torres floreceu deseguido, e despois sumáronse os de Santiago: Domingo García-Sabell, Álvaro Ruibal, Xerardo Fernández Albor e outros. Moi pronto empezaron as súas colaboracións xornalísticas e os seus primeiros relatos de ficción, que ocasionaron que se falase del como unha gran promesa das letras galegas.

-Por que se malogrou esa carreira literaria, cando tantos confiaban xa en ti?

-Iso da carreira literaria soa moi ben, si, pero a realidade é que eu só tiña por diante fame e máis fame. Esa si que tiña futuro.

-Como se produciu o salto a Madrid?

-Eu tiña amizade con Manuel Blanco Tobío desde os meus anos mozos en Pontevedra. Un día veu por Vigo, el xa estaba na Dirección General de Prensa, viume, falamos e díxome: “Por que non deixas de perder o tempo aquí y vés comigo a Madrid?” Eu xa escribira nalgunhas publicacións da capital, así que aceptei a oferta e en setembro de 1951 planteime en Madrid. A de Galicia pódese dicir que foi a miña etapa formativa. Ademais, en 1952 casei coa pintora

María Antonia Dans n`A Coruña, unha cidade que é moi importante na miña vida. Ademais de casar, alí naceu a miña filla Rosalía Dans e alí está enterrada miña nai.

-En Madrid tamén encontraches boas tertulias, ¿non?

-Eu ía pola mañá, poa tarde e pola noite ao Café Gijón. Na tertulia das doce estaban Torrente Ballester, Zunzunegui, Sánchez Ferlosio, Carmen Martín Gaité... Dicían que nos víamos para “repasar o bacharelato”. Ás veces viñan Camilo José Cela, Melchor Fernández Almagro, Marcial Suárez... Pola tarde, estaba a mesa dos poetas, con Cano, Garciasol, Leopoldo de Luis, Gerardo Diego..., e a dos galegos, con Luis Trabazos, Blanco Tobío, Chucho Román, o procurador Isorna, Castro Arines, López Sancho e outros. Pola noite chegaban os pintores Pancho Cossío, Benjamín Palencia, Pedro Bueno, Zaragüeta, Viola, Tino Grandío... Aquilo era unha escola. Cando viña do estranxeiro, eu ía directamente ao Gijón.

-Pouco despois entraches no xornal *Pueblo* que dirixía Emilio Romero, e en xaneiro de 1957 chegas a Londres como corresponsal dese diario. Aí empezou o teu longo periplo internacional.

-Si, en 1956 Nasser nacionalizou o canal de Suez, coa oposición de Francia e o Reino Unido, e en Budapest os húngaros levantáronse contra os soviéticos. É dicir, había lea no mundo. E Emilio Romero, respaldado por Solís, pensou que era o momento de ter unha rede propia de corresponsais. Así, eu saín para Londres, Manuel Blanco Tobío para Nova York, Pilar Narvión para Roma, Eugenia Serrano para Viena, e algún outro.

-Como era xornalisticamente aquel Londres?

-Cando cheguei xa non estaban vivos os grandes da primeira metade do século: Chesterton, Bernard Shaw, Wells, pero había moi bos xornalistas. Fleet Street, sé dos principais medios, era “A rúa da aventura”, como lle chamou Phillips Gibbs nunha novela que publicou con este título en 1919. Evelyn Waugh tamén escribiu outra boa novela titulada *Scoop*, que aquí se

chamou *Noticia bomba*. Londres era un mirador privilexiado. Eu fun alí con *Pueblo*, sobrevivín con dificultades tras deixalo e acolleume finalmente a Axencia EFE, que tomaba impulso internacional con Fraga, Sentís e Mendo. Despois chegou a crise de 1969 coa substitución de Fraga por Sánchez Bella, e a de Mendo por Alejandro Armesto. Eu xa estaba en Nova York desde o ano anterior, pero Armesto pedíume que regresase a Madrid para desenvolver un proxecto chamado Documenta.

-Pero iso durou pouco, porque en 1970 xa estabas en Moscú.

-Si. Un día Armesto díxome: “Prepárate que vas a Moscú”. E convertínme no primeiro corresponsal español permanente na URSS. Estiven alí cinco anos. Recordo a miña chegada ao Hotel Sovietska. Un grupo cantaba en español: “Esperanza, esperanza”. Crín que era por min, pero non, era un grupo de cubanos. Despois saín dar unha volta e fun ata una praza na que había un comercio con apenas dúas latas de sardiñas. Caeume a alma ao chan. Pensei: “Se esta é a gran patria do proletariado, estamos ben fodidos”. Despois explicáronme as regras do xogo. Todo estaba tolerado menos saír dun círculo de 25 millas arredor de Moscú ou meterse cos símbolos da realidade soviética. No persoal, foi unha boa experiencia. Os rusos eran unha xente marabillosa. Facíanme recordar a Galicia. Os insoportables eran os funcionarios, moi prepotentes.

-E en 1975 volves a Nova York, ¿non?

-Empezara a lea do Sahara e Armesto díxome “Tes que ir a Nova York. Piniés está moi cabreado con EFE”. Jaime de Piniés era o representante de España ante a ONU. Estabamos en abril. Despois veu a “marcha verde” e a enfermidade de Franco. A noticia da súa morte deuma Jesús Hermida. Empezou entón unha etapa de gran tranquilidade para os corresponsales como min, porque toda a atención informativa centrouse en España

-En 1976, con Fraga na vicepresidencia do Goberno Arias, Carlos Mendo retornou a EFE e ti...

-Aínda volvín a Moscú porque se celebraba un Congreso do PCUS. Alí vin a Dolores Ibárruri, Rafael Alberti e outros. Despois regresei a Nova York, pero a ONU xa me aburría e tiña unha gran curiosidade polo que pasaba en España. Cando a matanza de Atocha, Luis María Anson, o novo presidente de EFE, pasou por Nova York e aproveitei para dicirlló. Escoitoume e en agosto de 1977 estaba de volta en Madrid, cun encargo inesperado: facer o tránsito tecnolóxico da Axencia desde os teletipos tradicionais ás novas pantallas e o ordenador central.

-Non te aburrías entón, alonxado do xornalismo en directo?

-España estaba moi interesante e eu pasaba o día rodeado de xornalistas. Tamén escribía artigos gastronómicos para *La Actualidad Española*. Pero en xuño de 1980 volvín a Washington. Entrevistei ao presidente James E. Carter e despois acompañeino nunha viaxe por Italia, Iugoslavia, España e Portugal. En 1982 triunfou o PSOE e nomearon presidente de EFE a Ricardo Utrilla, bo amigo. Estiven en Madrid un tempo, como asesor executivo, e despois volvín a EE.UU., pero xa nun labor de xestión. En 1985, por fin, boteille o peche á miña carreira profesional, aínda que seguín aínda como presidente da Unión de Periodistas.

-Cales dirías que son as claves para ser un bo corresponsal de prensa?

-Non hai claves. Hai que estar no miolo do que acontece, ter boas fontes, cultivalas todo o ano, e tamén ser cultivado por elas.

-Sei que coleccionas libros de estilo de medios de comunicación. ¿Que cambiou máis no xornalismo?

-Hoxe coma onte hai que escribir a pan seco, dun xeito simple e chan, directo, incluso pedestre. Unha vez eu utilicei ironicamente unha frase dun chanceler austríaco que, en sinal de agradecemento, dixera: "A miña ingratidade será eterna". Cuando a vin publicada, o corrector,

créndoa errada, enmendáaa: “A miña gratitude será eterna”. Desde que me pasou iso non volvín permitirme sutilezas.

-E a estrutura da noticia, ¿no está cambiando coa Internet?

-A estrutura da noticia permanece desde a guerra civil americana. Nesta guerra, como cortaban as liñas de telégrafos, os xornalistas aprenderon a facer *leads* ou primeiros párrafos nos que estivesen todos os elementos substanciais da noticia. Desde a II Guerra Mundial, o obxectivo é redactar dunha forma clara, simple e sinxela, suprimindo a nebulosidade, os circunloquios e, sobre todo, o estilo literario. Miquelarena fixo unha vez unha referencia ao acorazado Potemkin e no xornal puxeron “o acorazado potente”.

-E a función do xornalismo, ¿cambiou?

-Peter Tunne dicía que o papel da prensa é confortar o aflixido e aflixir o confortado. Eu créoo así.

-Para rematar, que opinas desta moda de convocar rodas de prensa sen admitir preguntas?

-Sempre se utilizaron estrataxemas para eludir preguntas incómodas, pero antes eran máis sutís. O Pandit Nehru esixía que llas fixeramos por escrito, despois poñíaas nun montonciño, folleábaas e dicía: “Vexo aquí moitas cuestións sobre...” e respondía ao que quería. Un ministro de Franco recorría ao “imaxino que vostedes quererán preguntarme...”. Wenceslao Fernández Flórez, en *El secreto de Barba Azul*, mostra unha personaxe que evita a pregunta que lle acaban de facer dicindo que xa lla respondera ao anterior entrevistador. O de non admitir preguntas é unha grosería, porque sempre se pode responder con discreción e talento. Cando o novelista Somerset Maugham se reuniu con nós na Foreign Press Association de Londres ao facer oitenta anos, preguntóuselle como os levaba. El respondeu: “Hai varias cousas boas que dicir da vellez, pero... creo que non se me ocorre ningunha”. Algo así penso eu ás veces. E xa

abonda de entrevista, ¿non? Porque en realidade todo o que falamos non é máis que un pequeno índice do que poderíamos falar. Non se pode resumir todo tanto. Pero, claro, xa o sei, o xornalismo consiste nisto.

Carlos G. Reigosa